



Mañá

UNIDADE 4

Móstrelles aos estudantes as fotos da portadiña da unidade e pregunteltes en que sentido cren que se relacionan co título “Mañá”. É bastante probable que entre as respostas xurdan ideas como as seguintes: **dos nenos de hoxe depende o noso futuro; como serán estes nenos de maiores; en que cambiarán fisicamente; que cousas fan e deixarán de facer...**

Se lle parece oportuno, móstrelles unha foto dun grupo de nenos pequenos (no que figure vostede) e pídalles que, en parellas, intenten identificalo. Despois de recoller as hipóteses de todos, déalles a solución e pregunteltes se cren que vostede cambiou moito ou non. Deseguida, pregunteltes se eles cambiaron moito fisicamente respecto a cando eran nenos e interétese en escoitar as súas respostas.

Por último, presénteltes os obxectivos da unidade: referirse ao futuro e expresar condicións e hipóteses. Ademais, dígalles cal será a tarefa final: imaxinar como serán dentro duns anos.



1. UN FUTURO DIFÍCIL

Discutir sobre os problemas máis graves do mundo. Ler un texto e resumilo por escrito. Opinar sobre algunhas propostas de solucións aos problemas do futuro.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Co texto que se ofrece nesta actividade, os seus alumnos terán un primeiro contacto co futuro de indicativo. Non obstante, recomendámoslle que non leve a cabo unha explicación en profundidade deste tempo verbal e que tente centrar a atención deles na comprensión global do texto.

ANTES DE COMEZAR

Como un exercicio de quentamento, dígalles aos seus alumnos que manteñan os seus libros pechados e propóñalles o xogo do enforcado. Infórmeos de que non se trata de adiviñar unha palabra, senón o título dun texto que van ler.

Debuxe no encerado o número de cadriños correspondente ao das letras do título do texto:

A	T	E	R	R	A	E	N	P	E	R	I	G	O
---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---

Cando o consigan descubrir, pregúntelles: **De que credes que trata o artigo?** Ao que probablemente responderán: **problemas que afectan o mundo enteiro, relacionados con catástrofes ou temas como o medio, as guerras, a fame...**

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles agora aos estudantes que, individualmente, escriban unha listaxe cos tres problemas máis graves que, segundo a súa opinión, afectan o noso planeta (ordenados de máis a menos graves).

Para ampliar o vocabulario relacionado co tema, faga unha posta en común coas propostas de todos e déalles a oportunidade de argumentar as súas eleccións.

B. Pídalles que, tamén de forma individual, lean o artigo e que logo o resuman nun só parágrafo. Indíquelles que, para iso, poderán ir marcando a información máis relevante durante a lectura.

Déalles tempo para facelo e, a seguir, indíquelles a cada un que lle lea o seu resumo ao resto dos compañeiros. Ao final, se lle parece conveniente, pódelles pedir que escollan o que máis lles gustou.

C. A continuación, separe os seus alumnos en grupos de tres ou catro. Pídalles que valoren a lista de posibles solucións ao problema e que escollan a que eles consideren a máis viable. Ademais, anímeos a faceren as súas propias propostas.

E DESPOIS

Leve á aula unhas follas de cartolina ou doutro tipo de papel, sempre que sexan o suficientemente grandes como para que poidan lerse dende lonxe, e propóñalles a creación dunha exposición co título **Habitar o mundo**.

O traballo dos seus alumnos consistirá en elaborar frases que xiren arredor do tema que trataron ao longo desta primeira actividade. Pídalles que escriban unha frase en cada folla e que as colguen polas paredes da aula. Coméntelles que poden crear frases de todo tipo: informativas, preguntas retóricas, peticións, consellos, solucións etc.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 96, exercicio 5.



2. O ANO PERSOAL

Ler un texto sobre a numeroloxía e expresar o grao de credibilidade dunha serie de predicións.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, os estudantes terán que ler un texto e facer unhas sinxelas operacións matemáticas para obter o número do seu ano persoal.

ANTES DE COMEZAR

Pídalles aos seus alumnos que, en parellas, elaboren unha listaxe cos métodos de predición do futuro que coñezan. Déxelles un par de minutos para que conclúan e, logo, faga unha posta en común. Se non mencionan a numeroloxía, fágao vostede.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos estudantes que, individualmente, van ler un texto que lles permitirá coñecer os principios básicos da numeroloxía. Deseguida, pídalles que calculen o número do seu ano persoal, facendo as operacións que se indican no texto.

B. Cando todos os alumnos obteñan o seu número, invíteos a leren as predicións para o ano persoal no que están.

A continuación, pídalles que, en grupos de tres, lles conten aos seus compañeiros as predicións que leron e que comenten se cren que son cribles ou non. Pode comezar vostede poñendo un exemplo co seu número ou pedíndolle a un estudante que lea en voz alta a mostra de lingua.

E DESPOIS

Propóñalles aos estudantes un debate sobre o tema que acaban de ler. Algunhas suxestións de preguntas

para abrir a conversa poden ser: **Crede nese tipo de métodos de predicións? Tendes algún preferido? Forman ou non parte da vosa cultura? Coñecedes algún país onde sexan un elemento cultural importante?**

Interésese, ademais, por saber se recorreron algunha vez a técnicas de adiviñación para saberen máis sobre si mesmos ou sobre o futuro. De ser así, anímeos a que conten a súa experiencia diante da clase.



3. O FUTURO

Completar a conxugación do futuro de indicativo. Unir fragmentos de frases. Cubrir ocios nun esquema con nomes de tempos verbais e completar frases condicionais.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade ten como obxectivo presentar algunhas conxugacións regulares e irregulares do futuro de indicativo.

A estas alturas, os seus alumnos seguramente xa se decatáran de que o futuro de indicativo é un tempo verbal que serve para facer predicións e hipóteses sobre o futuro, polo que agora pode ser un momento oportuno para sistematizar a súa forma.

Cando faga referencia á sección de gramática, non esqueza mencionar que, para referirmonos a plans e intencións que temos para o futuro, tamén podemos empregar o **presente** de indicativo e a perífrase **ir + infinitivo**.

ANTES DE COMEZAR

Convide os estudantes a que marquen as formas de futuro que aparecen nos textos das actividades 1 e 2.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que o futuro de indicativo ten as mesmas terminacións nas tres conxugacións verbais e que, polo tanto, observando as que xa están no cadro, poderán completar as formas que faltan. Cando remataren, propónalles unha corrección entre todos e recórdelles que o paradigma que veñen de completar corresponde aos verbos regulares. Exemplifíqueo con outro verbo de cada conxugación, se o considera necesario.

B. Pídalles que relacionen as frases da columna da esquerda (1-5) coa terminación máis axeitada da columna da dereita (a-e). Concédalles o tempo necesario e faga unha posta en común.

Faga que os alumnos reparen na forma **farei** (fragmento a, columna da dereita) e explíquelles que se trata dun verbo cuxas formas do futuro son irregulares. Se lle parece oportuno, remítaos á conxugación completa de **facere**, na epígrafe “Futuro de indicativo” da sección de gramática, na páxina 37.

Solución

1-e, 2-d, 3-a, 4-b, 5-c

C. Agora, indíquelles aos estudantes que se fixen nas frases da epígrafe B que expresan condicións sobre o futuro e que cubran os espazos cos nomes dos tempos verbais que aparecen nas estruturas.

Solución

Se + *presente de indicativo, futuro de indicativo.*

D. Finalmente, pídalles que, baseándose na estrutura sobre a que acaban de reflexionar, completen as catro frases deste ítem coa súa opinión respecto dos temas abordados en cada caso.

Cando rematen, pode suxerirlles que lean as súas respostas e que verifiquen en que opinións coinciden e en cales non.

E DESPOIS

Se lle parece necesario, propónalles aos estudantes o xogo das coordenadas, a partir da táboa que lle facilitamos na **ficha 12**. Déalles cadansúa fotocopia da táboa e pídalles que, en parellas, completen a conxugación en futuro dos verbos que aparecen. Durante o desenvolvemento da actividade, e se o considera pertinente, remítaos á epígrafe “Futuro de indicativo” da sección de gramática, na páxina 37.

Cando xa tiveren a táboa completa, dígalles que vostede vai dicir unha coordenada e a primeira parella que faga unha frase condicional empregando a forma verbal correspondente gaña un punto (por exemplo, **9-5 = queredes**). Repita o procedemento as veces que considere oportunas, ou segundo o tempo do que dispón para o xogo, e vaia apuntando os puntos no encerado. Se a parella menciona unha forma incorrecta, restaráselle un punto. Ao final, sairá gañadora a parella que teña máis puntos e o premio poderase negociar entre todos.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 95, exercicio 1.

Páxina 96, exercicios 2 e 3.

4. SEGURAMENTE

Observar determinados elementos nunha serie de frases e reflexionar sobre o que teñen en común.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade ten como obxectivo observar e

comprender o uso dalgúns recursos para marcar diferentes graos de seguridade nas hipóteses.

Intente contextualizar as frases que se presentan para que os estudantes se familiaricen co seu significado, en vez de recorrer só á tradución das partículas destacadas.

ANTES DE COMEZAR

Móstralles aos seus alumnos o título da actividade e pregúntelles: **Se alguén contesta unha pregunta empregando *seguramente expresa total seguridade ou non?*** Permita que o discutan entre todos e, a continuación, aclare que usamos esta palabra para presentar o que dicimos como unha hipótese que consideramos moi probable, pero non como unha certeza absoluta.

PROCEDEMENTOS

Pídalles aos estudantes que lean as frases e que, cun compañeiro, comenten o que teñen en común. Déalles tempo para facelo e recolla as súas hipóteses, aceptando como válidas aquelas que se refiran ao feito de que **o grao de probabilidade expresado en todas elas non é total.**

E DESPOIS

Pode ampliar a práctica destes recursos co seguinte xogo: pídalles aos seus alumnos que escriban unha frase sobre algún dos seus plans ou intencións futuras. Logo, cada un vai ler a súa frase e os demais compañeiros deberán suxerir unha expresión das que viron, segundo crean que o feito sexa máis ou menos probable que ocorra. Pode proporcionarlles vostede un primeiro exemplo, como **Irei a Cuba nas próximas vacacións.** Deixe que digan as expresións para formular hipóteses que consideren apropiadas e confírmeas ou rexéiteas, segundo sexa o caso. Se lle parece pertinente, antes de que fagan este xogo, remítaos á epígrafe “Recursos para formular hipóteses sobre o futuro” da sección de gramática, na páxina 37.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 96, exercicio 4.

5. A CONSERVACIÓN DO PLANETA

Opinar sobre o contido dun texto. Observar a colocación do acento tónico nas palabras e reflexionar sobre as regras de acentuación. escoitar unhas palabras e clasificalas segundo a posición da sílaba tónica.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade ten como obxectivo proporcionarlles aos estudantes información sobre as regras de acentuación das palabras en galego. Non obstante, a mostra que se ofrece non é exhaustiva, polo que lle recomendamos ampliála, no momento que lle pareza máis apropiado,

a través do contido da parte de “Máis gramática”, nas páxinas 117 e 118.

PROCEDEMENTOS

A. Preséntelles aos estudantes a actividade e pídalles que, en parellas, comenten as preguntas que se fan. Logo, promova un pequeno debate e anímeos a que expresen a súa opinión ante a clase.

B. Centre agora a súa atención no que vai marcado en vermello no texto da epígrafe A. Explíquelles que se trata das letras que levan acento, do que Dora, a estudante que fixo a redacción, non se decatou.

Aproveite este momento para indicarlles que, en relación coa posición da sílaba tónica, en galego, as palabras que teñen máis dunha sílaba clasifícanse en **agudas, graves e esdrúxulas**, segundo recaia o acento na última, na penúltima e na antepenúltima sílaba, respectivamente. Para facilitarlles a comprensión, busque no devandito texto polo menos un exemplo de cada unha e escribaos no encerado, subliñando a súa sílaba máis forte e repetindo a súa clasificación (por exemplo, **marfil**, **automóbil**, **xénero**).

Deseguida, dígalles que van escoitar gravadas as palabras referidas na actividade e indíquelles que, a medida que as vaian ouvindo, deberán subliñar a sílaba pronunciada con máis forza en cada palabra. Se o considera necesario, volva repetir a operación no encerado con máis exemplos extraídos do texto da epígrafe A, e escolla, preferentemente, unha palabra que leve acento tónico e outra que non, como por exemplo: **tesouro** e **médico**. Logo, pónalles a audición unha vez e, cando termine, asegúrese de que todos puideron facer esta parte da tarefa. De non ser así, pónalles o audio unha vez máis.

A continuación, permítalles comparar as sílabas que subliñaron coas dun compañeiro. Faga unha posta en común antes de pedirles que clasifiquen as palabras e, se mostran inseguridade, deixe que escoiten outra vez a gravación para esclarecer as súas posibles dúbidas. Explíquelles ademais o que é unha palabra monosilábica.

Solución

planeta, tesouro, marfil, mandíbula, cristal, terra, perigos, axiña, deterioración, médico, veráns, conservación, plácidos, cor, azul, fantástico, ruína, medio, uso, automóbil, xénero, planeta, auga, túas, carne, animal, azucre, vexetais, políticos, mans, acá, acolá, accións, tamén, carné.

Para rematar, pídalles aos estudantes que debuxen no seu caderno unha táboa como a da actividade e que a completen, pondo en cada columna as palabras correspondentes, segundo a posición da sílaba tónica que marcaron previamente. Se lle resulta máis práctico ou máis rendible darlles unha táboa xa feita, pode fotocopiarlle a cada alumno a que lle facilitamos na **ficha 13**. Cando rematen a clasificación, faga unha corrección entre todos.

Solución

Palabras **agudas** (última sílaba)

marfil, cristal, deterioración, veráns, conservación, azul,
animal, vexetais, acá, acolá, accións, tamén, carné

Palabras **graves** (penúltima sílaba)

planeta, tesouro, terra, perigos, axiña, ruína, medio, uso,
automóbil, planeta, auga, túas, carne, azucre

Palabras **esdrúxulas** (antepenúltima sílaba)

mandíbula, médico, plácidos, fantástico, xénero,
políticos

Palabras **monosilábicas**

cor, é, mans

C. Agora, pídalles que se fixen nas palabras de cada columna que levan acento gráfico. Logo, indíquelles que, en parellas, intenten facer unha sistematización de como se acentúan as palabras en galego, completando o esquema. Se lle parece oportuno, remítaos á epígrafe “Reglas básicas de acentuación” da sección de gramática, na páxina 37. Concédalles algúns minutos para facelo e a seguir faga unha posta en común.

Durante a corrección, lembre aclararllas que a palabra *ruína* non se acentúa por ser grave e rematar en vogal, senón por marcar un hiato (-i-). Pode aproveitar e mencionarllas outros exemplos como *día*, *viúva*, *saúde*, *oído*... Así mesmo, explíquelles o caso de acentuación do monosílabo *é* e facilítelles algúns exemplos máis de acentuación diacrítica: *da/dá*; *pe/pé*; *nos/nós* etc.

Solución

- As palabras **agudas** teñen a última sílaba máis forte e levan acento ortográfico cando rematan en vogal, *-n* e *-s*.
- As palabras **graves** teñen a penúltima sílaba máis forte e levan acento ortográfico cando rematan en consoantes distintas de *-n* e de *-s*.
- As palabras **esdrúxulas** sempre levan acento.
- As palabras **monosilábicas** teñen unha soa sílaba e, por regra xeral, *non* se acentúan. Algunhas levan un acento diacrítico para diferenciárense doutras que se escriben da mesma forma, pero que teñen un significado distinto.



6. A GALLETA DA SORTE

Escribir predicións sobre os compañeiros.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, os estudantes farán predicións dentro dun contexto lúdico: terán que inventar unha mensaxe cunha predición para un compañeiro, tomando como modelo as que aparecen nas galletas chinesas da sorte.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado unha lista coas palabras **chinesa**, **sorte** e **galleta** e pídalles aos seus alumnos que traten de darlles un significado, preguntándolles: **A que se refiren?** Espere a que algún deles responda e, se non, fágao vostede.

PROCEDEMENTOS

A. Pídale a un estudante que se ofrezca como voluntario para lle explicar ao resto da clase en que consiste a tradición da galleta da sorte. Se non hai voluntarios, explíquelles vostede moi brevemente en que consisten, xa que lle propoñemos máis adiante que os seus alumnos lean un texto sobre ese tema. Deseguida, déalles a todos un anaco de papel e explíquelles que deberán escribirlle unha predición para o futuro a un compañeiro. Cando rematen, pídalles que dobren os seus papeis e que llos entreguen a vostede.

B. Reparta agora as mensaxes de tal maneira que a ninguén lle toque o que escribiu. Despois de leren as predicións que lles tocaron, deberán explicarlhas á clase e dicir se cren que se cumprirán ou non e por que.

E DESPOIS

Propóñalles aos seus alumnos a lectura do texto da **ficha 14**, para que coñezan a orixe das galletas chinesas da sorte.

Antes, ánimoos a comprobaren os seus coñecementos sobre o tema: reparta fotocopias do cadro da mesma ficha con afirmacións sobre a historia das galletas e pídalles que contesten verdadeiro ou falso, segundo lles pareza.

Cando remataren, e antes de facer calquera comprobación, distribúalles as fotocopias do texto e, logo da lectura, pídalles que revisen as súas respostas.

Solución

1.V; 2.V; 3.V; 4.F; 5.F; 6.V.

7. QUE CRES QUE FARÁ?

Completar oracións de acordo cunha serie de condicións expresadas.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Con esta actividade, os estudantes practicarán as oracións do tipo **se + presente, futuro** e os recursos para formular hipóteses que viron ao longo da unidade. A partir dunha serie de condicións, expresarán o que cren que unha persoa vai facer.

PROCEDEMENTOS

Centre a atención dos seus alumnos na foto e coméntelles que é unha das praias da costa galega, onde Paco está pasando as vacacións na casa duns amigos. A continuación, pídalles que lean as frases que aparecen na parte inferior da imaxe e que as conclúan dicindo o

que cren que fará o rapaz en cada unha das situacións. Lea en voz alta a mostra de lingua e pídalles que o sigan facendo en parellas. Se o considera necesario, faga unha posta en común ao cabo duns minutos, para que os estudantes comproben e compartan as varias posibilidades de realización da tarefa.

E DESPOIS

Propóñalles aos seus alumnos a seguinte práctica: recorte as tarxetas que aparecen na **ficha 15**, déalle unha a cada un e pídalles que memoricen a parte da frase que lles tocou.

Logo, faga que se poñan de pé e que procuren a persoa que teña o fragmento que complete a súa frase. Dígalles que ao xuntaren as dúas metades obterán unha serie de predicións para o próximo ano.

8. OS EXPERTOS OPINAN

Mostrar acordo ou desacordo con algunhas opinións sobre o futuro do mundo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade ten como obxectivo mobilizar o vocabulario aprendido na actividade 1, así como consolidar os recursos practicados para a expresión de accións futuras.

Na epígrafe A, os estudantes lerán as predicións duns supostos expertos sobre o futuro do mundo e deberán escoller aquelas coas que estean de acordo e con cales non. Teña en conta que a dinámica da interacción pode esixir a construción **eu non creo que + subxuntivo**. Nese caso, infórmeos de que se trata dun modo verbal que aínda non estudaron e que poden situar a negación despois do verbo crer (**eu creo que non + información**) para crearen enunciados correctos coas formas que xa coñecen.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado os seguintes temas: **contaminación atmosférica, pratos voadores persoais, pastillas alimenticias, satélites urbanizados, esperanza de vida, educación virtual, enerxías renovables, desaparición dos libros de papel.**

A continuación, pregúntelles aos seus alumnos: **Cantos destes temas vedes representados no debuxo da actividade, na páxina 38? Vedes algún outro que non figura nesta relación? Cal?**

PROCEDEMENTOS

A. Preséntelles aos estudantes as frases e infórmeos de que se trata de opinións dunha serie de expertos sobre como cren que será a vida no ano 2050. Propóñalles que escollan as afirmacións coas que estean de acordo e coas que non. En parellas, deberán argumentar por que.

B. Pídalles agora que pensen en máis cousas que cren que pasarán en 2050 e que o comenten co compañeiro. Concédalles uns minutos para que o fagan e realice logo unha posta en común, para que todos dean a coñecer as súas opinións.

E DESPOIS

Se lle parece pertinente, pode propoñerlles aos seus alumnos unha breve práctica de expresión escrita a partir dun texto. Para iso, distribúalles fotocopias do texto da **ficha 16** e coméntelles que van ler a opinión dun sociólogo francés sobre o lecer no século XXI.

Logo da lectura, pídalles que escriban un breve texto cos seus propios puntos de vista sobre o tema. Se dispón de tempo para facer unha corrección da súa produción escrita, recolla os seus textos e devólvallelos corrixidos na clase seguinte.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 97, exercicio 6.

9. O FUTURO DE EVA

Escoitar unha gravación e identificar os temas que se tratan nela. Imaxinar como será a vida propia dentro de 25 anos, expresando hipóteses, condicións e distintos graos de seguridade.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

O tarot, o xogo de naipes que aparece na imaxe da actividade, orixinouse en Italia no século XV e propagouse enseguida a outros países de Europa, como Francia, Suíza, Bélxica, Alemaña e Austria. Como método de adiviñanza, comezou a desenvolverse no século XVIII, inicialmente en Italia e en Francia. Segundo os expertos, a arte de interpretar esas cartas está estreitamente relacionada coa psicoloxía. Na realización da tarefa da epígrafe B, recomendámoslle que insista na importancia da exposición ante a clase, para que se coñezan os comentarios de todos.

ANTES DE COMEZAR

Pídalles aos seus alumnos que miren a foto da páxina 39 e que traten de responder as seguintes preguntas:

**De quen poden ser esas mans?
Que credes que está facendo?
En que país supoñedes que está?**

Adiviña, vidente ou pitonisa son as respostas esperadas para referirse á persoa cuxas mans aparecen na imaxe. Dedicase á cartomancia, unha técnica de adiviñación que se basea na lectura e na interpretación dunhas cartas específicas, neste caso as que se denominan tarot. En canto aos países, non hai respostas limitadas, xa que a cartomancia é unha práctica común e coñecida nas máis variadas partes do mundo. Logo, pregúntelles: **Que sabedes sobre a orixe do tarot?** Se alguén se dispón a expoñelo, anímeo. Se non, pode comentarlles a información facilitada en “Observacións previas”.

PROCEDEMENTOS

A. Informe agora os estudantes de que van escoitar unha conversa entre unha rapaza, Eva, e unha adiviña. Móstrelles as frases que aparecen e pídalles que marquen aquelas que oían na gravación.

Solución

Vivirá nun país estranxeiro.

Será moi famosa.

Será moi rica.

Coñecerá unha persoa que a quereá moito.

B. Agora, indíquelles que cada un debe imaxinar como será a súa vida dentro de 25 anos. Dígalles que teñan en conta os aspectos que se ofrecen na actividade (**familia, traballo, aspecto físico, situación económica, lugar de residencia**) ou outros temas que prefiran. Recomendélles que escriban todo o que se lles ocorra e lémbrelles que se poden valer do sentido do humor.

Concédalles o tempo necesario para facelo e, a continuación, dispóñaos nun gran círculo e anídeos a leren as súas predicións diante dos demais compañeiros. Estes dirán se están ou non de acordo e tamén poderán facer as preguntas que lles parezan pertinentes.

E DESPOIS

Se a foto da actividade suscitou moito interese, suxerímoslle que lles propoña aos seus alumnos unha ampliación do tema, comentándolles que a baralla do tarot se compón de 78 cartas, distribuídas en 22 “misterios” ou “segredos” maiores e 56 menores. Se lle parece conveniente, anídeos a investigaren os distintos significados deses naipes. Asemade, pódelles suxerir que recompilen información sobre as varias técnicas de adiviñación que se practican, por exemplo, en distintos países de América ou de África. Para iso, pode pedirles que procuren información máis detallada en Internet e que compartan os seus descubrimentos cos compañeiros na próxima clase.

**10. TERRA DE LOBOS**

Ler un texto sobre o lobo e mencionar outros animais en situacións semellantes. Falar de lendas ou contos cuxo protagonista é un animal.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Retomando o contexto da conservación do planeta e dos perigos que a ameazan, esta actividade ten como obxectivo chamar a atención dos estudantes sobre a extinción do lobo, un animal lendario e moi representativo na fauna galega ao longo da historia.

Considerado a fera máis temible da nosa xeografía, o lobo, abondoso nas terras galegas, pode atacar o home, principalmente en situacións de moita fame e acoso. Coa súa sagacidade e os seus golpes certos, devora eguas, ovellas e galiñas. Unha vez que se lanza sobre a súa presa, arrástraa cara a si e foxe con ela sen soltala, a pesar da persecución dos cans e do rebumbio dos pastores. Aínda así, cóntanse casos dalgúns exemplares domesticados polo home, que chegaron a ser tan agarimosos coma un can.

Ao parecer, o que máis teme este depredador é o lume. Hai tempo, cando en Galicia os lobos aínda contaban cunha boa representación na fauna, as persoas adoitaban levar fachos acesos para moverse de noite polos camiños, non só co fin de iluminar a vía, senón tamén para espantar os lobos. De aí que o fogo figure entre os recursos que empregaron os humanos para exterminar pouco a pouco ese lendario animal, como tamén o foron as trampas ou os garamelos, as batidas, as estacadas, as monterías ou os velenos.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos estudantes que outros perigos, á parte do que viron na actividade 1, ameazan a conservación do noso planeta na actualidade. Se entre as súas respostas non figura **a extinción dalgúns especies da fauna**, dígallo vostede.

A continuación, coméntelles que en Galicia tamén se nota esa devastación na fauna e o que máis destaca é o despoboamento dalgúns animais, entre eles o lobo. Pregúntelles que curiosidades ou lendas relacionadas con este animal coñecen e permítalles que o discutan en parellas. Indíquelles ademais que se fixen nas imaxes da páxina 40 e que seleccionen os adxectivos que utilizarían para describir os exemplares que aparecen. Ao cabo duns minutos, promova unha posta en común na que compartan os seus coñecementos e crenzas sobre o tema. Se cando rematen a información exposta lle parece escasa, pode vostede melloralala cos datos que lle facilitamos en “Observacións previas”.

PROCEDEMENTOS

A. Preséntelles agora a actividade e pídalles que lean individualmente o texto. Deseguida, indíquelles que comenten en parellas se existe algún animal en perigo de extinción no lugar onde viven ou se saben dalgún caso de especies que están desaparecendo noutros lugares do mundo. Concédalles uns minutos e logo faga unha posta en común entre todos para que se coñezan todas as opinións. Se for posible, amplíe a lista de exemplos con algún caso que vostede coñeza.

B. A continuación, pregúntelles aos estudantes se coñecen algunha lenda ou algún conto cuxo protagonista é un animal. Dispóñaos en grupos de tres e pídalles que decidan o mellor exemplo para contarllo ao resto da clase. Unha vez que realicen a

tarefa, pídalles que formen un gran círculo e deixe que compartan as súas historias. Ao final, poderán escoller a máis interesante ou curiosa de todo o grupo.

E DESPOIS

Coméntelles aos estudantes que o lobo constitúe un elemento simbólico na cultura popular galega, tal como se pode ver na etnografía, na toponimia e na literatura de transmisión oral: locucións, refráns, cantigas e adiviñas. Topónimos como Castiñeiro do Lobo, Fonte do Lobo, Forca do Lobo, Covas de Lobos, Lobeira ou Matalobos, por exemplo, vinculan este animal a un lugar.

Aproveite este momento para darlles a coñecer algúns versos do refraneiro galego sobre o lobo e facilítelles unha fotocopia da táboa que figura na **ficha 17**. Dígalles que deben buscar na columna dereita a mellor opción para completar cada frase da esquerda. De preferilo, pódeno facer en parellas. Para rematar, faga unha posta en común e asegúrese de que todos entendan correctamente o significado das expresións.

Solución

En terra de lobos, ouvear coma todos.

O fillo do lobo tira sempre ao monte.

Deus nos libre da boca do lobo.

Vaca de moitos, cómena os lobos.

O lobo vello, caza á espera.

Come o lobo de toda a carne, menos da súa que a lambe.

Lobo tardeiro non volve baleiro.

O que entre lobos se mete, gandiño sae.

Quen con lobos anda, ouvear depende.

Cando un lobo come a outro, non hai que comer no souto.

Se ten alumnos galegos, pregúntelles se coñecen algunha outra manifestación popular relacionada co lobo (cantigas, locucións...). Se son doutros lugares, pregúntelles se este animal tamén está presente na idiosincrasia da súa xente e dispóñase a escoitar as súas exposicións.

Así mesmo, pódelles recomendar que vexan o filme *Romasanta*, dirixido por Paco Plaza en 2004, pero lémbrelles que se trata dunha película de terror.